

SOLUCIÓNS AOS EXERCICIOS DA SEMANA DO 18 AO 22 DE MAIO

A) Contesta as seguintes preguntas:

a) Que é o carácter musical?

Son as emocións que transmite unha música: alegría, tristura, relaxamento, medo...

b) Quen dá carácter a unha música?

O compositor, o intérprete e o público

c) Como dar carácter?

Con cambios de intensidade, cunha determinanda velocidade de pulsación, con ostinatos, con acompañamento e coa forma das liñas melódicas.

d) Por que hai músicas con carácter?

Porque o carácter musical é necesario para definir algunha personaxe, para transmitir situación emocionais determinadas, para describir paixases...

B) Actividades:

- Ex 1, páx 86. Intensidade e carácter:

A) Escoita “Marche pour le combat de la barrière” de Lully e segue o musicograma do libro

B) A forma da peza é un Rondó: ABACA

- Ex 3, páx 87

Este exercicio consistía en ver o vídeo e seguir a letra da aria a Calumnia da ópera “O barbeiro de Sevilla” de Rossini. Tratábase de ir comprobando como os recursos musicais potencian o texto.

Os recursos musicais son: Música con pequenas respostas (1º parágrafo). Pequenos ostinatos mostran como a calumnia vai movéndose (2º parágrafo). O ostinato ten máis presenza e fai un crescendo (3º parágrafo). Acompañamento con notas curtas que dá máis movemento (4º parágrafo). Lento, notas longas e crescendo x4 (5º parágrafo).

- Ex 10, páx 94. Viva la vida. Colplay

A) Escoita “Viva la vida” e percute o ostinato

B) Observa, percute e segue o ostinato na partitura, abarca 4 compases como podedes comprobar.

C) Os instrumentos son os de corda

D) Completa o musicograma (Este refírese a primeira parte da canción...)

Estructura	Introdución	Estrofa	Interludio	Estrofa longa	Retrouso	Interludio
Voz e ostinatos	Ostinato instrumental	Voz + ostinato	Ostinato instrumental	Voz + ostinato	Voz + ostinato	Ostinato instrumental
Ostinatos	2 veces	2 veces	2 veces	4 veces	4 veces	2 veces

- Ex 11, páx 95. Cando música e letra se unen

O exercicio consiste en ver, escoitar e ler o texto da canción Tears in Heaven de E.

Clapton. Tratase de observar que o carácter da canción non é dramático senon que ten esperanza.

Tocar o tema sobre a audición é opcional.